



Concello de Boiro

ANUNCIO

RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS – PROCESO SELECTIVO DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL.

Transcríbese a continuación a resolución de alcaldía de data 14/05/2021 donde consta a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a contratación laboral temporal de animador/a sociocultural así como a convocatoria para o primeiro exercicio da oposición:

“EXPEDIENTE: 2050/2021

DENOMINACIÓN: RELACIÓN DEFINITIVA PROCESO SELECTIVO LISTAXE CONTRATACIÓN ANIMADORES SOCIOCULTURALS 2021

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na sesión da Xunta de Goberno Local desenvolvida o 21/04/2021 aprobáronse entre outros, as bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a contratación laboral temporal de animadores socioculturais.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 76 de data 26 de abril de 2021, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal.

O 05/05/21 se publicou Resolución de Alcaldía onde constaba o listado provisional de persoas admitidas e excluídas.

Os/as candidatos/as, Alba García Dean, Pablo Pérez Domínguez e Elena María Calo Pouso presentaron alegación á listaxe provisional de admitidos e excluídos a efectos de subsanar os motivos da súa exclusión e acreditar o cumprimento do requisito da titulación esixido na base número 6ª das que rexen esta convocatoria.

Logo de revisadas as alegacións presentadas e tendo en conta os requisitos esixidos na base 6ª desta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Visto canto antecede **RESOLVO:**

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por Alba García Dean, Pablo Pérez Domínguez e Elena María Calo Pouso por non cumprir co requisito esixido na base 6.F das que rexen esta convocatoria *“Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos : F) Deberán acreditar estar en posesión do título de Técnico Superior en Animación Sociocultural ou equivalente”*

As bases desta convocatoria e os requisitos contidos nela foron elaborados tendo en conta as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2021, da Deputación Provincial de Coruña, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 5 de data 11/01/21.

Segundo.- Declarar definitivamente admitidas/os no concurso oposición libre convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 21/04/21, que rexe o procedemento do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a contratación laboral temporal de animadores socioculturais, ós/as seguintes aspirantes por ter presentada en forma e prazo a

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5DKDWM4SX5XHH42R7Z5XD.26X | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Boiro

documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

NIF	NOME
788065	ANTIA FI
788065	CRISTIAN
361553	CRISTINA
361255	DAVID OR
770014	ESTEFANI
534889	EVA BOO
448400	JAIME BE
328064	JOANNA C
327110	MANUEL M
529367	MARIA FE
342601	MIRIAN P
356025	NATALIA
459605	RAÚL FER
715084	ROMINA R

Terceiro.- Declarar definitivamente excluídos/as no concurso oposición libre convocada por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 21/04/21, que rexe o procedemento do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a contratación laboral temporal de animadores socioculturais, ós/ás seguintes aspirantes polos seguintes motivos:

NIF	Nome	Motivo da exclusión
206291	ADRIAN B	Titulación
788047	ALBA GAR	Titulación
537962	ANDREA F	Titulación
529399	ELENA MA	Titulación
448213	JORGE VA	Titulación
534871	LARA VEI	Titulación
468998	LETICIA	Titulación
468998	LETICIA	Titulación

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5DKDWM4SX5XHW12R7Z5XD.26X | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Boiro

458609	LUCIA RO	Titulación
332926	NATHALIE	Titulación
788076	PABLO PE	Titulación
537975	RAQUEL V	Titulación - Certificado académico aportado incompleto.
767780	SALVADOR	Titulación

Cuarto.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arreglo á seguinte composición:

Presidente: Anxo Campos Pena

Presidente suplente: Joaquina Lomba Fernández

Secretario: Martín Blanco Buceta

Secretaria suplente: María Mariño Poza

Vogal 1: Alberto García Sánchez

Vogal 1 suplente: Elena Dosil Redondo

Vogal 2: Samuel Rodríguez Lado

Vogal 2 suplente: Jesús L. Portela Martínez

Vogal 3: Miguel Feijoo Piñeiro

Vogal 3 suplente: Benigno Piñeiro Sobrido

Quinto.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal, a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, e **convocar ós/as aspirantes** admitidos/as para **o venres 21 de maio de 2021 ás 09.30 h. no salón de actos da Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro** para a realización do primeiro exercicio da oposición.

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

Así mesmo, e en relación cas medidas de prevención hixiénico-sanitarias, cada aspirante deberá presentarse co seu propio bolígrafo e máscara.

Sexto.- Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, na data que figura ó marxe, na sinatura dixital.

O secretario accidental, Severino Abalo Chouza.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5DKDWM4SX6XHW2R7Z5XD.26X | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3